

## **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, e artigos 93 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

### **Artigo 1.- Natureza e feito imponible.**

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos de esta natureza, aptos para circular polas vías públicas, cales queira que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculados nos Rexistros Públicos correspondentes e mentres non haxa causado baixa nos mesmos. Os efectos de este imposto tamén considéranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos ó Imposto:

a) Os vehículos que habendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas os desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica a carga útil dos cales non sexa superior a 750 Kg.

### **Artigo 2.- Suxeitos Pasivos.**

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

### **Artigo 3.- Exencións.**

1. Estarán exentos deste imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos



respectivos países externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así e derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados ó seu transporte.

Considéranse persoas con discapacidade aquelas que teñan esta condición legal en grao igual ou superior a 33%. A estes efectos considérase que teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecidas unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Para acreditar esta condición, a persoa interesada deberá aportar certificado ou tarxeta acreditativa do seu grao de discapacidade. Os pensionistas da Seguridade Social ou de clases pasivas poderán acreditar o seu grao de discapacidade aportando a documentación que se indica no artigo 2 do Real decreto 1414/2006, de 1 de decembro.

As exencións previstas neste apartado non se aplicarán aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

**2. As exencións para os vehículos matriculados a nome de persoas con mobilidade reducida ou para persoas con discapacidade teñen carácter rogado.**



As solicitudes presentadas ata o día 15 de marzo dun exercicio producen efectos nese mesmo período impositivo, sempre e cando os requisitos esixidos para desfrutar do beneficio fiscal se cumpran na data de devindicación do imposto (1 de xaneiro). As solicitudes presentadas fora deste prazo producirán efectos no exercicio seguinte ao da presentación. En ningún caso as solicitudes poderán ter efectos retroactivos.

Para poder desfrutar desta exención as persoas interesadas deberán aportar:

- Permiso de circulación do vehículo.
- Ficha técnica.
- Acreditación de que o titular do vehículo ten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.
- Declaración de que o vehículo se destina ao uso exclusivo da persoa con discapacidade.
- Declaración de que a persoa con discapacidade non ten recoñecida unha exención para outro vehículo distinto.

### 3.- As exencións para os vehículos agrícolas teñen carácter rogado.

As solicitudes presentadas ata o día 15 de xaneiro dun exercicio producen efectos nese mesmo período impositivo, sempre e cando os requisitos esixidos para desfrutar do beneficio fiscal se cumpran na data de devindicación do imposto (1 de xaneiro). As solicitudes presentadas fora deste prazo producirán efectos no exercicio seguinte ao da presentación. En ningún caso as solicitudes poderán ter efectos retroactivos.

Para poder desfrutar desta exencións, os interesados deberán aportar:

- Permiso de circulación do vehículo.
- Ficha técnica.
- Cartilla de inspección agrícola.

### Artigo 4.- Cota tributaria.

1.- O coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica a aplicar neste Concello é o seguinte:

Coeficiente
1,20



2.-Estes coeficientes de incremento aplicaranse sobre as tarifas que en cada momento se recollan no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou nas normas que as modifiquen.

3.- A aplicación dos coeficientes anteriores ás tarifas recollidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, determina que as cotas tributarias anuais aplicables aos distintos vehículos de tracción mecánica, segundo a súa potencia e clase, sexan as seguintes:

Potencia e clase de vehículo	Tarifa mínima	Coeficiente	Cota tributaria
<b>A) Turismos</b>			
De menos de 8 cabalos fiscais	12,62 €	1,20	15,14 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08 €	1,20	40,90 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94 €	1,20	86,33 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61 €	1,20	107,53 €
De 20 cabalos fiscais en adiante	112,00 €	1,20	134,40 €
<b>B) Autobuses</b>			
De menos de 21 prazas	83,30 €	1,20	99,96 €
De 21 a 50 prazas	118,64 €	1,20	142,37 €
De máis de 50 prazas	148,30 €	1,20	177,96 €
<b>C) Camións</b>			
De menos de 1.000 kg de carga útil	42,28 €	1,20	50,74 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	83,30 €	1,20	96,96 €
De máis de 2.999 a 9.999 Kg de carga útil	118,64 €	1,20	142,37 €
De máis de 9.999 kg de carga útil	148,30 €	1,20	177,96 €
<b>D) Tractores</b>			
De menos de 16 cabalos fiscais	17,67 €	1,20	21,20 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77 €	1,20	33,32 €
De máis de 25 cabalos fiscais	83,30 €	1,20	99,96 €
<b>E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica</b>			
De menos de 1.000 e máis de 750 kg de carga útil	17,67 €	1,20	21,20 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	27,77 €	1,20	33,32 €
De máis de 2.999 kg de carga útil	83,30 €	1,20	99,96 €
<b>F) Outros vehículos</b>			
Ciclomotores	4,42 €	1,20	5,30 €
Motocicletas de ata 125 c.c.	4,42 €	1,20	5,30 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	7,57 €	1,20	9,08 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	15,15 €	1,20	18,18 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	30,29 €	1,20	36,35 €
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	60,58 €	1,20	72,70 €



## **Artigo 5.- Bonificacións.**

1. Gozarán dunha bonificación do 100% da cota os vehículos históricos.

O carácter histórico do vehículo acreditarase aportando o documento acreditativo da catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

2.- Gozarán dunha bonificación do 75% da cota do imposto, incrementada polo coeficiente, durante dous períodos impositivos, a contar dende o seguinte ao da súa matriculación, os vehículos totalmente eléctricos, é dicir, aqueles que son propulsados unicamente por motores eléctricos. Estes vehículos constan clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos nas seguintes categorías:

- a. Vehículo eléctrico de baterías (BEV).
- b. Vehículo eléctrico de autonomía estendida (REEV).
- c. Vehículo eléctrico de células de combustible (FCV).

Non se aplicará esta bonificación aos vehículos eléctricos híbridos (HEV) nin aos vehículos eléctricos híbridos enchufables (PHEV)

Os interesados deberán aportar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa condición de vehículo totalmente eléctrico.

3.- Estas bonificacións teñen carácter rogado.

As solicitudes presentadas ata o día 15 de xaneiro dun exercicio producen efectos nese mesmo período impositivo, sempre e cando os requisitos esixidos para desfrutar do beneficio fiscal se cumpran na data de devindicación do imposto (1 de xaneiro). As solicitudes presentadas fora deste prazo producirán efectos no exercicio seguinte ao da presentación. En ningún caso as solicitudes poderán ter efectos retroactivos.

## **Artigo 6.- Período impositivo e percibo.**

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo.

3. Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por subtracción ou roubo prorrateará a cota por trimestres naturais. Corresponderá ó suxeito pasivo pagar a parte de cota correspondente os trimestres do ano que restan por transcorrer incluído aquel en que se produza a baixa no Rexistro de Tráfico.

4. Se cando o Concello coñece da baixa aínda non se elaborou o instrumento cobratorio



correspondente, se liquidará a cota prorrateada que debe satisfacerse.

5. Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do prorrateo previsto no punto 3, lle corresponda percibir.

### **Artigo 7.- Réxime de declaración e liquidación.**

1. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos de este imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas o cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

2. A xestión, liquidación, inspección, recadación e a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, corresponde o Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As modificacións do padrón se fundamentarán nos datos do Rexistro Público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa a altas, baixas, transferencias e cambios de domicilio das que poida dispor o Concello.

### **Artigo 8.- Ingresos.**

1. No caso de primeiras adquisicións dos vehículos, provisto da declaración- liquidación, o interesado poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina municipal xestora, o nunha entidade bancaria colaboradora.

En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixera na contía correcta e deixará constancia da

verificación no impreso de declaración. 2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro trimestre de cada ano e no período de cobro que fixe o Concello, anunciándose por medio de Edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Edictos do Concello, do modo que se crea mais adecuado. En ningún caso, o período de pago voluntario será inferior a dous meses.

3. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das cotas correspondentes realizarase mediante o sistema de padrón anual.

4. O padrón ou matrícula do imposto se exporá ó público por un prazo de vinte días hábiles



para que os interesados lexítimos poidan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

### **Artigo 9.- Clases de vehículos.**

1.- Aos efectos deste imposto, para determinar as distintas clases de vehículos estarase ao disposto no Regulamento xeral de vehículos.

2.- Para resolver as dúbidas de cualificación que puideran formularse, subsidiariamente empregaranse os seguintes criterios:

1. Os quads e os vehículos de tres rodas terán a consideración, a estes efectos, de motocicletas e tributarán en función da súa cilindrada.
2. Os vehículos de catro rodas cunha masa en vacío inferior a 350 kg cuxa velocidade máxima por construción non sexa superior a 45 km/h e cun motor de cilindrada inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup> para os motores de combustión interna, ou cuxa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kw para os demais tipos de motores, tributarán en función da súa cilindrada.
3. As autocaravanas tributarán en función da súa carga útil.
4. Os vehículos definidos como mixtos, mixtos adaptables e derivados de turismo tributarán pola súa carga útil.
5. No caso de vehículos articulados, a cabeza e o remolque tributarán simultánea e separadamente, a cabeza como tractor (en función da súa potencia fiscal) e o remolque en función da carga útil.
6. As máquinas autopropulsadas ou automotrices que podan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores, quedando comprendidos, entre estes, os tractocamións.

3.- O cálculo da potencia fiscal, expresada en cabalos fiscais, realizarase conforme ao establecido no anexo V do Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

### **Disposición derogatoria.**

Queda derogada a bonificación do 100% para os vehículos que teñan unha antigüidade superior a 25 anos. As bonificacións que foran concedidas por este concepto neste período impositivo ou en anteriores, quedarán sen efectos dende o 1 de xaneiro do ano posterior ao da publicación da ordenanza no BOP.

### **Disposición Adicional primeira.**



As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

### **Disposición adicional segunda.**

En relación coa xestión, liquidación, inspección e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a competencia para evacuar consultas, resolver reclamacións e impor sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando houberen sido delegadas polo Concello, de acordo co establecido nos artigos 7, 12 e 13 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do ano posterior ao da súa publicación, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

O ALCALDE,

Avelino Luis de Francisco Martínez

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE)**

